

FOLLETO - MISA CON NENOS

4 de novembro de 2018 - Ordinario 31º-B

Evanxeo de *Marcos 12, 28b-34:*

“Amarás o Señor, teu Deus. Amarás o teu próximo”.

Esta es la Ley



amor a todos
y a quien es **Todo**



**O prioritario é AMAR
a todos e a quen é Todo.**

1. A COLLIDA

Amigos e amigas:

O amor resúmeo todo. Esta é a mensaxe que directamente nos propón hoxe a Eucaristía. Amar a Deus e o próximo non é o mesmo, pero son inseparables: van da man, un esixe o outro e complementáanse. O Papa Francisco di que o amor a Deus e ao próximo son “inseparables e complementarios, dúas caras dunha mesma moeda”. Se entendemos isto, comprenderemos o básico e principal do Evanxeo e o prioritario na vida que é amar, ese é o camiño da felicidade e da fidelidade a Deus.

SAÚDO do sacerdote: No nome do Pai... Deus que é un pai bo, cheo de amor, sexa convosco...

2. PERDÓN

(Sacerdote) Poñámonos agora en silencio ante Deus.

-(Posible... pai-nai) Somos cristiáns seguidores de Xesús, pero non descubrimos a Deus como un pai de amor. *Señor, ten piedade de nós.*

-(Posible... neno-nena) Somos cristiáns seguidores de Xesús, pero non unimos fe e vida, amor a Deus e ao próximo. *Cristo, ten piedade de nós.*


-(Posible... catequista) Somos cristiáns seguidores de Xesús, cústanos amar e perdoar ao que nos fai dano. *Señor, ten piedade de nós.*

(Sacerdote) Deus todopoderoso ensínanos a amarte e amar os irmáns, ten misericordia de nós e lévanos á vida eterna. Amén.

3. PALABRA DE DEUS

MONICIÓN ÁS LECTURAS

O amor a Deus e ao próximo é a mensaxe fundamental deste domingo. Na primeira lectura escoitaremos: “amarás o Señor con todo o corazón, con toda a alma, con todas as forzas”, No Evanxeo Xesús engade: “Amarás o próximo como a ti mesmo”. Este é o centro da experiencia cristiá. Aquí está o auténtico culto a Deus.



LECTURAS

DEUTERONOMIO 6, 2-6: *Escoita Israel: Amarás o Señor con todo o teu corazón.*

Daquela Moisés falou ao pobo dicindo: «Teme ao Señor, teu Deus, ti, os teus fillos e netos, e observa todos os seus mandatos e preceptos, que eu che mando, todos os días da túa vida, a fin de que se prolonguen os teus días. Escoita, pois, Israel, e esmérate en practicalos, a fin de que che vaia ben e te multipliques, como che prometeu o Señor, Deus dos teus pais, na terra que mana leite e mel. Escoita, Israel: O Señor é o noso Deus, o Señor é un só. **Amarás, pois, o Señor, teu Deus, con todo o teu corazón, con toda a túa alma e con todas as túas forzas.** Estas palabras que eu che mando hoxe estarán no teu corazón».

Palabra do Señor.

SALMO 171

R/. Eu ámote, Señor; ti es a miña fortaleza.

HEBREOS 7, 23-28:

Como permanece para sempre, ten o sacerdocio que non pasa.

MARCOS 12, 28b-34: *Amarás o Señor, teu Deus. Amarás o teu próximo.*

Narrador: Naquel tempo, un escriba achegouse a Xesús e preguntoulle:

Escriba: -«Que mandamento é o primeiro de todos?».

Narrador: Respondeu Xesús:

Xesús: -«O primeiro é: “Escoita, Israel, o Señor, o noso Deus, é o único Señor: amarás o Señor, o teu Deus, con todo o teu corazón, con toda a túa alma, con toda a túa mente, con todo o teu ser”. O segundo é este: “Amarás o teu próximo como a ti mesmo”. Non hai mandamento maior que estes».

Narrador: O escriba replicou:

Escriba: -«Moi ben, Mestre, sen dúbida tes razón cando dis que o Señor é un só e non hai outro fóra del; e que amalo con todo o corazón, con todo o entendemento e con todo o ser, e amar o próximo como a un mesmo vale máis que todos os holocaustos e sacrificios».

Narrador: Xesús, vendo que respondera sensatamente, díxolle:

Xesús: -«Non estás lonxe do reino de Deus».

Narrador: E ninguén se atreveu a facerlle máis preguntas.

Palabra del Señor.

(Narrador- Escriba – Xesús)

4. ORACIÓN DA COMUNIDADE

(Sacerdote) *Abramos o noso corazón a Deus e presentémoslle todas as nosas arelas dicindo:*

-Que o noso distintivo sexa o amor.

1. Para que os que formamos a Igrexa valoremos a fe, o amor incondicional do Pai con todas as nosas forzas. Oremos.
2. Para que escoitemos a Deus, adorémolo, atopémolo na oración e amemos o que el ama. Oremos.
3. Para que crezamos no amor a Deus e nos afanamos polos irmáns. Oremos.
4. Para que o mandamento do amor, como mandamento principal sexa o sinal que nos identifique a todos os cristiáns. Oremos.
5. Para que tratemos os nosos próximos con tolerancia, comprensión, xenerosidade e perdón. Oremos.
6. Para que os enfermos e necesitados da nosa parroquia sintan en nós o amor preferente con que son amados por Deus. Oremos.

(Sacerdote) *Ensínanos, Señor, a facer da túa Igrexa, unha Igrexa alegre, servidora, casa aberta para todos, amiga da humanidade, boa noticia para os pobres. Por XCNS.*



5. PRESENTACIÓN DE OFRENDAS

- 3 NIÑOS LEVAN 3 CANDEAS ACENDIDAS:

Nesta semana celebramos o día de Todos os Santos e o dos Fieis defuntos. Dámos grazas a Deus polo testemuño dos santos que son para nós un exemplo e un estímulo para vivir a santidad, especialmente polos “santos da porta do lado”, que chama o Papa Francisco, eses santos que conviviron connosco axudándonos a ser mellores. E un recordo cariñoso e cheo de esperanza para os defuntos que se nos foron para que axiña estean nas mans de Deus.

UNHA MOEDA GRANDE (ou o debuxo coas dúas caras):

Queremos que o amor a Deus e ao próximo sexan na nosa vida inseparables e complementarios, dúas caras dunha mesma moeda.

PAN E VIÑO:

No pan e no viño, convertidos no Corpo e o Sangue do Señor, atopamos as forzas para amar a Deus con toda a alma e estender ese amor cada día aos nosos irmáns e irmás.

6. SUXESTIÓNS:

- Para a homilía, as ofrendas ou para un cartel poderíanse preparar dous grandes aneis unidos entre si: o amor a Deus e o amor ás persoas son inseparables. Tamén podería ser unha moeda grande coas dúas caras, tal como se apuntou nas ofrendas ou un corazón grande dividido en dúas partes que están separadas pero se unen.




-Tamén podemos invitar os nenos ao final da homilía ou da misa a que se acheguen ao altar e o biquen mentres un le: *“Hoxe bicamos o altar e con este bico comprometémonos a querer máis a Xesús e como signo de que queremos cumprir seu mandato, querernos máis os uns aos outros porque o amor é o principal”*.

Vede o vídeo “es capaz”:

<https://www.youtube.com/watch?v=SQj4fpCA9h4> e preguntádevos que seriades capaces de facer por Xesús.

- **Posible oración recordando o día de “Todos os santos” 1 DE NOVIEMBRE.**



O agasallo dos santos

Grazas, Señor por tantos santos que nos vas regalando ao longo da nosa vida e que son un reflexo da presenza de Deus.

Son os santos de “a porta do lado” que di o Papa Francisco, avós, catequistas, sacerdotes, mestres... tantas persoas que nos fixeron ben e que co seu traballo e amor cambian o mundo.

Axúdanos a tomar en serio a nosa vocación á santidad sendo alegres, servizais, levando a Xesús no corazón e facendo felices os que nos atopemos. Amén

Isto é santidad

***“Ser pobre no corazón,
reaccionar con humilde mansedume,
saber chorar cos demais,
buscar a xustiza con fame e sede,
mirar e actuar con misericordia: isto é santidad.*”**

***Manter o corazón limpo de todo o que mancha o amor,
sementar paz ao noso redor,
aceptar cada día o camiño do Evanxeo
aínda que nos traia problemas, isto é santidad”.***

Gaudete et Exsultate 67-94

Posible acción de grazas

O mandamento do amor

Que bo, Señor, que o primeiro mandamento sexa o amor.

Non nos xulgarás por se te tivemos obedecido,
nin polo que aprendemos,

nin sequera pola cantidade de oracións que ti
non necesitas pero a nós fannos tanto ben.

Ao final da vida xulgarasnos só polo amor que
temos dado:

se fomos amigos de todos,

se saudamos a todos,

se compartimos e fixemos felices a moitos.

Señor, axúdanos a amar a Deus de corazón,

con todo a alma, e ao próximo,

en pequenos detalles,

porque o principal para o que te segue

é amar a todos e a ti que es o Todo,

porque se te amamos a ti, amarémoste

nos teus rostros pobres e seremos felices.

RED CATEQUISTAS GALICIA